

Peto de ánimas de Igrexario



Descrición

Pertence aos petos de tipo edícula ou templete.

O nicho ábrese nunha parede xunto ao valado. É rectangular, abovedado, de grandes dimensións. Na parte inferior ten unha cornixa moldurada.

O templete está sostido por dúas columnas octogonais, con comezo e remate en cadrado, sen capiteis. Sostendo un arquitrabe liso, sobre o que se asenta un frontón composto, con caveiras e tibias en relevo, flanqueado por dous pináculos con gorxa. Na parte superior do frontón hai un pedestal con forma de pirámide cuadrangular invertida que sostén unha cruz sen imaxes.

Retábulo no plano superior: Virxe e Sagrado Corazón sobre peañas. No plano inferior: ánimas no purgatorio. Na parte inferior do retábulo atópase unha cornixa moldurada do mesmo ancho que aquel, asemellando todo un altar.

Propiedade: Pertence ao conxunto da igrexa.



Adscrición cultural

Sen definir

Tipoloxía

Peto de ánimas

LOCALIZACIÓN

Parroquia

Valongo

Lugar

Igrexario

Coordenadas UTMT29 ETRS89

X: 545055 Y: 4698684

Coordenadas WGS84

Lonxitude: -8.453731 O

Latitude: 42.437244 N

